

O 1 de xaneiro de 2018 renóvase o debeño de trienios.

Despois de se pechar sen ningún acordo a comisión de estudo sobre os trienios en Banca, o 1 de xaneiro volve poñer en marcha o contador para o debeño dos trienios de técnicos (Niveis 7 e 8 e niveis do 1 ao 6 con poderes) .

A patronal da Banca (AEB) valoraba como “obsoleta” a retribución vinculada ao tempo de permanencia nas empresas, é dicir, os trienios.



Dende **CCOO** non compartimos esta valoración, debido a que entendemos que a experiencia representa unha progresión e mellora no desenvolvemento e achega das persoas aos resultados das entidades, xunto a outros elementos, como, por exemplo, a formación.

En realidade, a formulación de AEB era vincular maior nivel salarial á produtividade individual e aos resultados das entidades, en detrimento do salario fixo.

CCOO manifestámoslles que os sistemas “individualizados”, ao non estar acordados coa representación laboral, deixan moito que desexar en canto á súa obxectividade e transparencia polo que, se queren falar da política retributiva, o lóxico e coherente sería que as entidades aceptasen establecer negociacións e alcanzar acordos cos sindicatos para regular as retribucións variables existentes en cada unha das empresas.

Tamén lles expuxemos unha mellora nos sistemas de promoción e/ou carreira profesional, dotándoos de maior obxectividade, transparencia e progresión, así como ter en conta os efectos que, nesta cuestión, ten a implementación da directiva Mifid II.

Ata agora, con **CCOO** como sindicato maioritario no sector financeiro, conseguimos sortear con éxito os aspectos máis negativos da reforma laboral, ao manter na súa totalidade a estrutura do Convenio de Banca. De ahí a importancia de que valoremos o Convenio como un conxunto de dereitos, sen caer na demagogia fácil dalgunhas organizacións sindicais, que critican algunha parte obviando o valor que ten o todo.

CCOO non imos baixar a garda, porque a reforma laboral está vixente e non parece vaia a ser modificada en favor da clase traballadora, nun futuro próximo. Por tanto imos seguir poñendo ao servizo da plantilla a experiencia e a firmeza necesarias para preservar uns Convenios que son a mellor garantía para manter o conxunto de dereitos que conseguimos ao longo de moitos anos. estamos CCOO Xaneiro 2018.

estamos CCOO

Xaneiro 2018.

CCOO servicios bbva

Tel. 981 95 32 21 - 93 401 44 53 - bbvaccoo@servicios.ccoo.es
www.ccoo-servicios.es/bbva/ - tablón sindical en espacio - www.ccoo-servicios.info
<https://www.facebook.com/ccoobbva> - <https://twitter.com/ccoobbva>
adherida a la **unión network international**